

Consideracións acerca de Baiona e do Rei Afonso

XOÁN BERNÁRDEZ VILAR

Fillo de Fernando II (1157-1188) e da súa esposa Urraca de Portugal, Afonso IX, *regnante Legionis, Galletie, Asturiis et Extremadura*, sucedeu ao seu proxenitor, logo da súa morte o 22 de xaneiro de 1188, sendo un dos seus primeiros actos coma rei o de conducir os seus restos a Compostela para darlles acobillo na súa Catedral. Afonso IX morrería corenta e dous anos despois en Sarria, o 24 de setembro do 1230, cando contaba con 59 de idade, e descansa tamén na catedral compostelá.



Tumba de Fernando II en Santiago.

Ao longo do seu dilatado reinado, e continuando o labor iniciado polo seu pai, Afonso IX concedeu Carta a uns dezaseis núcleos de poboación da nosa terra co obxecto de crear concellos non dependentes da xurisdición señorial. A súa acción de goberno sintetízase deste xeito Emilio González López:

“Con Afonso IX créase unha Galicia de burgueses e menestrais nas vilas da costa e das fronteiras... e nas localizadas nos centros de comunicación no interior da nosa terra. A presenza destas vilas, na súa meirande parte realengas, serviu para contrapesar un algo o excesivo poder feudal das abadías benedictinas en Galicia. E con elas xurdiu, nas zonas marítimas principalmente, unha Galicia de signo burgués e liberal aberta ao comercio material e espiritual co resto da península e con Europa.”¹

Coñecidas estas circunstancias cómpre que digamos xa que, entre estas Cartas por Afonso IX concedidas, o día 7 de maio do ano 1201, e atopándose nunha das illas hoxe denominadas Cíes, concretamente na de Faro, *“estando en una Iglesia que allí habia dedicada al protomartir S. Esteban, que despues fue Monasterio de Frayles tercerones; y se llamó S. Esteban de Sías”*², outorgou unha delas en favor de Baiona.

Unha Carta viña a ser o documento, ou diploma, que recollía o ordenamento xurídico, total ou parcial, dun territorio, fose este o pertencente a unha localidade



Alonso VIII e Dona Berenguela.

ou o dunha comarca. Trátase duns textos que se prodigaron, de xeito especial, ao longo do século XII, un tempo no que tan só tiñan potestade para concedelas os reis e os señores. Nelas regulábanse as relacións dos seus veciños, entre si e coa entidade outorgante, e establecíanse as normas polas que se ía rexer a comunidade a partir do momento da concesión. É dicir, que eran auténticas fontes de dereito público. Eran, ademais, de dúas clases. Nos casos nos que conteñen exencións de cargas, ou privilexios en forma de franquicias que derogan, total ou en parte, o ordenamento xurídico xeral, coa finalidade de atraer moradores aos novos núcleos de asentamento, ou a aqueles outros, xa existentes, dos que interesaba fomentar o seu desenvolvemento, atopámonos diante das chamadas Cartas de Poboación. Mais, a aquelas outras nas que se observa a ausencia destes privilexios, e se limitan a especificar as relacións entre as xentes que alí residen, e entre estas e o poder, xeralmente elaboradas con base en ordenamentos consuetudinarios, ou costumes, derivados tanto do dereito romano-visigodo coma doutros, xermánicos ou prerromanos, deberemos denominalas Foros ou Cartas Forais³.

Nunha boa parte destes documentos faltan datos o suficientemente concretos para saber se as poboacións ás que se lles concederon existían xa, ou tratábase de entidades de nova creación⁴. A este respecto temos que indicar que a historiografía máis recente xa non acepta que as numerosas *repopoacións* que aparecen nos documentos do tempo da Reconquista supuxesen a instalación de continxentes demográficos en zonas despoboadas, como se viña interpretando. A arqueoloxía, e unha máis detida análise dos textos, inclinan a pensar que, en xeral, como *repopoación* deberemos de entender a organización ou a implantación dunha nova organización político-administrativa sobre unha poboación xa existente.

A CARTA DE BAIONA

Segundo afirma frei Prudencio de Sandoval, a Carta que o rei Afonso IX lle concedeu a Baiona, manuscrita en latín, e sobre pergamiño, estivo depositada no arquivo do mosteiro de Santa María de Oia. Posteriormente parece que pasou á *Academia de la Historia*, en Madrid. Na actualidade, sen embargo, ignórase o seu para-

doiro⁵. Afortunadamente consérvase “*un amplo extracto, gracias a la obra del citado Sandoval “Antigüedad de la ciudad y Iglesia Cathedral de Tuy”, que recoge las cláusulas más importantes del mismo, traducidas a “romançe”, por “sacarlas del mal latín que tienen”*”, según afirma el propio autor⁶.

Avelino Sierra Fernández, que asegura ter examinado a primeira edición desa obra, impresa en Braga no ano 1610⁷, ofrece un extracto do contido desa Carta nas páxinas 93 a 95 do seu suxestivo e documentado traballo, repetíndoo despois, *ad pedem litterae*, nas 107 a 123. Segundo este, Afonso IX daba ao lugar de Erizana, para que fose poboado, dereitos e foros, ou costumes, de xeito que os seus moradores vivisen e tivesen aquela súa vila en xustiza, e para que os maiores cos menores e os menores cos maiores habitasen nela perpetuamente en paz e quietude, indicando a continuación cantas disposicións consideraba oportunas para que o lograsen. Entre elas, as relativas á salazón e ao comercio marítimo cos franceses, especialmente cos do porto de La Rochelle.

Do seu contido cabe deducir que debemos de considerar este documento máis unha *Carta de Poboación* que un *Foro*. E das circunstancias que arrodean a súa concesión, que esta pareceu obedecer ao desexo do monarca de promocionar o desenvolvemento da vila, ben no beneficio do seu reguengo, xa como afortalamiento da fronteira con Portugal. Afonso IX e a súa esposa Berenguela permaneceron nesta comarca, no ano 1201 coma xa dixemos, ao longo de varios meses, e nese período eximiron ao mosteiro de Oia, ata aquel momento con xurisdicción sobre o couto e a metade das igrexas de Erizana, do pago do portádego dos seus barcos cando arribasen a ela, como compensación por tirarlle esta para dala a *repoboar*⁸. É dicir, segundo tivemos ocasión de comentar, para a implantación nela *dunha nova organización político-administrativa*, posto que a poboación existía xa, como se desprende do dato de que contaba con varias igrexas.

A profesora Elisa Ferreira Priegue, baseándose no feito de que a concesión e o ordenamento por el dispostos amosan un carácter nidiamente mercantil, considera que Afonso IX puido pretender, a través dos privilexios que lle proporcionaba ao lugar, competir comercialmente coa área franco-flamenga, e conseguir o concurso dos navíos gascóns que entón pasaban fronte a el camiño de Portugal. A autora admite, así e todo, que na Carta non se advirte ningunha alusión á recepción, coma veciños, de “*francos*”, ou doutros estranxeiros, nin se lles concede a estes ningunha clase de privilexios⁹.

Mais, á parte da síntese que Sandoval fixo desta Carta de Baiona, consérvase tamén outra, a efectuada polo tudense Francisco Ávila y La Cueva (1789-1859) na súa monumental “*Historia Civil y Eclesiástica de la Ciudad de Tuy y su Obispado*”, reeditada facsimilarmente no ano 1995 polo Consello da Cultura Galega. O seu texto figura nas páxinas 117 a 121 do tomo II da obra.

Segundo este outro autor, o documento por el consultado, en pergamiño, e redactado en caracteres daquel tempo, atopábase no mosteiro de Oia, e era a copia literal do auténtico, se ben que carecía das firmas “*de los Prelados y Caballeros q. debieron confirmar en ella*”. Ávila y La Cueva infórmanos tamén que entón existía, así mesmo en Oia, a confirmación que desta concesión efectuara Fernando III (1217-1252), fillo de Afonso IX, suscrita por el en Tuy o 17 de febreiro do ano 1232. Este outro documento trasladaba “*a la letra el de Dn. Alonso 9^o*”¹⁰.

Temos que dicir que Ávila y La Cueva, ademais de recoller a traducción efectuada polo bispo Sandoval, inclúe certas partes do texto orixinal que este omitira, concretamente o *protocolo* inicial, a *dispositio* XIII do seu *corpus*, e o *escatocolo* final, que reproduce, segundo indica, “*con el mismo latín abreviaturas y cifras q. está la copia*”¹¹.

A comparación dos textos que aparecen nas obras de Avelino Sierra e Ávila y La Cueva ofrece, non obstante, algunhas sorpresas. En primeiro lugar, certas e desconcertantes diferencias, ortográficas, filolóxicas e de puntuación, así coma no número de cláusulas ou *dispositiones*, 16 no do primeiro, e XIX no outro. Algo dificilmente explicable se os textos que nos ofrecen están tirados, como afirman, do traballo de Sandoval. As traducións, afortunadamente, son bastante parellas. Por outra banda, tampouco atopamos en ningún deles nada que xustifique a afirmación de Henrique Flórez (1702-73) de que Sandoval escribía *Henrizana* en vez de *Erizana*¹².

¿BAJONAM OU BAYONAM?

Para o obxecto deste traballo, a máis importante das indicadas discrepancias atópase nesta frase que, segundo Ávila y La Cueva, contiña o documento por el consultado: *et impono eidem Villae de novo nomen Bajonam; y pongo ala misma Villa de nuevo nombre Bayona*¹³, xa que a mesma aparece no libro de Avelino Sierra coma: *et impono eidem villae de novo nomen Bayonam*¹⁴.

Esta discordancia respecto á denominación que Afonso IX lle impuña á vila que reordenaba, chegada a nós a través dun documento incompleto, e traducido, ofrece tan serias dúbidas que nos parece que só poderán ser debidamente aclaradas por medio do orixinal. Infortunadamente, neste momento non contamos con el. Contamos, nada máis, coas transcripcións que del efectuaron Sandoval e Ávila y La Cueva.

Agora ben, sabemos que os manuscritos medievais son pródigos en abreviaturas, e que a súa ortografía é moi irregular. E sabemos, así mesmo, que os criterios para a súa transcripción mudaron ao longo dos séculos, de xeito que, como é doado comprobar, un mesmo documento, dado á imprenta por paleógrafos de épocas diferentes, ofrece resultados tamén diferentes, se ben que próximos entre si. E no que respecta á utilización dos grafismos “y”, “j” e “i”, as discrepancias chegan case que ao paroxismo. Non hai máis que tomarse a molestia de examinar os tumbos e as coleccións diplomáticas publicadas, nas que nun mesmo documento se poden observar diferencias coma: Tuix, Tuda, Tuy; Miñor, Myñor; Viueiro, Vyueiro; monesteyro, moesteyro, monesteyro; Oia, Oya; Iacobo, Jacobo, ou Naiara, Nazara, Naiera, Nagera, Naigara e Naiare. Nos manuscritos orixinais, non obstante, estas diferencias redúcense ostensiblemente, aínda que siga a habelas. Por iso temos que considerar de especial relevancia a afirmación de Ávila y La Cueva de que o que recolle “*le traslado con el mismo latín abreviaturas y cifras q. está la copia*”, pois con ela estanos a dicir que é tal como nolo ofrece o xeito como alí figuraba canto transcribese. E debe de ser por iso que na súa obra, manuscrita, coma xa dixemos, aparecen en latín, e subliñados, **Bajonam**, en dúas ocasións, e **Vajona** nunha terceira, mentres que, na liña seguinte, na traducción ao castelán que de Sandoval reproduce fai constar **Bayona**.

el nombre de Bayona hasta el tiempo de los Reyes de Leon como lo prueban las Escrituras Reales acabadas de citar. Ambrosio de Morales en su Viage Santo q^e anda impreso en el Tomo 10. de la Cronica General de España pag. 181. asegura le impuso el nombre de Bayona el Emperador D.ⁿ Alonso 7.^o quando dió esta poblacion al Monasterio de Oya, pues q^e dice el Privilegio lo siguiente: Et nolimus ut Vocetur (ut antea) Crizana, Sed imponimus ei nomen Vajona. Pero se equivocó aqui Morales atribuyendo al Emperador D.ⁿ Alonso lo q^e es propio del Rey D.ⁿ Alonso de Leon el 3.^o; pues yo he visto en el Archivo de aquel Monasterio todos los privilegios q^e el referido Emperador otorgó á favor de la motivada Casa en q^e se hace mencion de la Villa de Crizana, y no se halla en ninguno de ellos la Clausula alegada p.^a Morales; y si en el de fueros concedido p.^a D.ⁿ Alonso 9.^o de Leon á los nuevos pobladores de Bayona en 7. de Mayo del año 1204. donde se lee lo siguiente como copia el Sr. Sandoval: Et impono eidem Villæ de novo nomen Bajonam, &c. y pongo á la misma Villa de nuevo nombre Bayona. Por donde ves ultra Clara y evidentemente fue el expresado Rey D.ⁿ Alonso 9.^o quien impuso á dha poblacion el nombre de Bayona q^e hoy Veriene, y q^e hasta su tiempo no ha sido conocida con el, y si se daban el de Crizana. De consiguiente queda sin fuerza ni Vigor todo quanto en contrario se ha escrito sobre el particular.

Retallo da páxina 117 do volume II de Ávila y La Cueva, na que este argumenta en contra da posibilidade de que Iose Afonso VII quen lle impuxo á vila o nome de Bajonam.

A razoada exposición de Avelino Sierra, a través da que chega ao convencemento de que Ávila y La Cueva cometeu o erro de escribir mal este nome ao efectuar a transcripción de Sandoval¹⁵, presenta, emporiso, unha importante fisura. A de esquecer que o que o primeiro nos ofrece é unha copia textual, ou “*ad pedem litterae*”, polo que se son **Bajonam e Vajona** o que fixo constar, moi dificilmente podía telos tomado duns presuntos **Bayonam** orixinais, pois, de facelo, Avila y La Cueva tería falseado a literalidade que afirma. E non teríamos explicación para o feito de que, na tradución ao castelán que de Sandoval inclúe a continuación, diga **Bayona**. O caso do vallisoletano sería distinto, xa que se ademais de resumir e traducir o orixinal mudou a ortografía do nome, puido facelo tan só coma consecuencia dos criterios de transcripción do seu tempo, non porque pretendese falsear nada.

Comenta tamén o señor Sierra:

... “no debemos tener en consideración las numerosas transcripciones que erroneamente trasladan el vocablo como “Bajona”. Fray Prudencio Sandoval, que tuvo en sus propias manos el histórico documento, fue el único que, tras traducirlo al romance castellano, nos legó su contenido, tal como figura en el fuero original... Y no se pueden argumentar erratas, pues el obispo tudense, “Cronista de la Majestad Real en los Reynos de Castilla”, era hombre bien entendido en latines, y no existiendo la “y” en la lengua de Cicerón, nunca la emplearía en el vocablo “Bayona” sino figurara en el manuscrito original”¹⁶.

O subliñado é noso.

A letra “Y”, se ben non existía orixinariamente no latín clásico, como comenta, acabou por ser tomada do grego –é en realidade a súa *hüpsilon* maiúscula, ou “u”- para a transcripción das voces de orixe helénica. Do mesmo xeito, tampouco existía en latín o “j”. Mais, como sabe calquera filólogo e lingüista, tamén esta foi incorporada ao idioma de Cicerón para representar a semivocal “i”.

Por último, engade:

“En los numerosos códices de que disponen los archivos históricos nacional de Madrid, de Simancas (Valladolid), provincial de Pontevedra, municipal de Bayona, diocesano de Tuy, etc. hemos podido comprobar la existencia de centenares de voces BAYONA y tan sólo en muy raras ocasiones figura BAIONA, excepciones estas que debemos considerar como errores de los “escriptores”, copistas o licenciados de turno”¹⁷.

O razoamento é correcto, mais incompleto. Porque se temos en conta as palabras de Ávila y la Cueva, respecto á textualidade da súa transcripción e as irregularidades prosódico-ortográficas dos documentos medievais, mentres non sexa posible unha comprobación a través da Carta orixinal, afirmar a existencia dun erro por parte deste autor no seu traslado do nome de **Bajonam** parece un tanto aventurado.

Como consecuencia, deberemos de nos procurar outras evidencias, sequera sexan estas prosopográficas, acerca da cuestión.

A BAIONA VASCA

Ao norte dos Pirineos, no País Vasco francés, e na confluencia dos ríos Errobi e Atturri, tamén coñecidos coma Nive e Adour, existe unha antiga poboación. Os romanos chamárona Lapurdum, mentres que os vascos pasaron a denominala Baiona, con “I”, topónimo que, máis tarde, pasou como Bayonne ao francés. O feito de que nun documento tamén francés do ano 1313 este nome apareza coma **Baione**¹⁸ nas tres ocasións nas que se cita parece indicar a pervivencia, nesa altura, da ortografía vasca.

Esta Baiona recibiu a súa Carta Foral arredor do ano 1125 de mans de Guillherme IX, o Trobador (1071-1126), duque de Aquitania¹⁹. Os foros e liberdades que os seus habitantes recibiron por medio dela permitiron o desenvolvemento dunha

destacada actividade comercial e marítima pola súa parte, así como a constitución, unhas décadas despois, da *Societas Navium Baionensium*. Unha organización con naves que traficaron por toda a costa, chegando polo sur ata Portugal²⁰, quizais a imitación, ou para competir, coa flamenga *Hansa das dezasete cidades*.

A profesora Elisa Ferreira considera que o nome da nosa Baiona foi “*tomado indudablemente*” desta Baiona vasca, xa que

“es un nombre propagandístico y augurativo, típico de la repoblación urbana que rebautizaba las “Valencias” y “Florencias” de nueva planta, en un deseo de emular el prestigio de las originales; tal vez con un fin más concreto, un reclamo para atraer a los mercaderes bayoneses de paso”²¹.

A afirmación tal vez resulte un tanto arriscada, mais podería axustarse á realidade. De ser así, ofrecería certa luz sobre a auténtica ortografía da vila miñorana, botando ao mesmo tempo por terra as moitas enxeñosas, singulares e mesmo pintorescas etimoloxías ás que ao longo dos séculos se recorreu para explicar a súa denominación. En todo caso, cómpre lembrar que o documento francés de 1313, que acabamos de citar, é máis de cen anos posterior ao momento no que Afonso IX así a bautizou.

QUE NOS DI A CARTOGRAFÍA

Segundo opinión do cosmógrafo e cartógrafo flamengo Abraham Ortelius (1527-1598) “*os mapas son os ollos da Historia*”. Comprobemos, pois, sequera a través nada máis que dos que conseguimos atopar, a visión que acerca desta problemática nos ofrecen. Na relación que a continuación vos ofrecemos, e por orde cronolóxica, indicamos en primeiro lugar o ano da edición do documento cartográfico, seguido pola denominación ou título do mesmo e polo do nome do seu autor, cando este sexa coñecido, para rematar co xeito coma nel aparecen ambas Baionas, en *cursiva* a nosa, e **negriña** a do País Vasco francés.

- 1300: “Carta Pisana”, na que falta Galicia: **Boiona**.
- 1313: “Portolano” de Pietro Vesconte: *Baiona de Mignol*, **Baona de Gascogna**.
- 1339: “Carta Portulana”, de Angelino Dulcert: *Baiona de Mignor*, **Baiona de Gascogna**.
- 1375: “Atlas Catalán”, de Abraham Cresques: *Baiona Mignor*, **Baiona de Gascogna**.
- 1424: “Carta Náutica”, de Zuane Pizzigano: *Baiona*, **Baiona**.
- 1450-60: “Carta Náutica C.G.A.5.b”: *Bayona*, **Bayona**.
- c.1460: “Carta Náutica C.G.A.5d”: *Bayona*, **Bayona**.
- 1467: “Portulano”, de Grazioso de Benincasa: *Mignor*, **Baiona de Guascogna**.
- 1469: “Carta”, de Grazioso Benincasa: *Baiona Mignor*, **Baiona de Guascogna**.
- c.1475: “Portulano”, de Christofalos Soligo: *Baiona*.
- c.1475: “Carta náutica C.G.A.5.c”: *Baiona*, **Baiona**.
- 1482: “Hispania”, de Donnus Nicolaus Germanus: *Baiona*.
- c.1485: “Portulano”, de Pedro de Reinel: *Baiona*, **Baiona**.
- c.1493: “Carta de París”, atribuída a Cristóbal Colón: *Baiona*. Falta a francesa.

- 1500: “Europae Descriptio”: **Vayona**.
- 1511: “Mapamundi”, de Vesconte de Maggiolo: *Baiona*, **Baiona**.
- 1515: “Geografía de Ptolomeo”, de Sebastian Münster: *Baiona*, **Baiona**.
- XVI: “Secundum littora Novae Franciae”, dun cartógrafo holandés: *I. de Baiona*, *Bajona*, **Bayonne**.
- c.1563: “Atlas Universal”, de Sebatião Lópes: *Baiona*, **Baiona**.
- 1580: “Atlas” de Juan Riczo Oliva: *Bayona*, **Bayona**.
- 1584: “Von Cap Finisterre tot Camino”, no “Sphiegel der Zeevaert”, de Lucas Jansz Waghenaeer, tomado de cartas manuscritas: *Baiona*, *Islas de Baiona*.
- 1600: “REYNO DE Galicia, y de león”, anónimo: *Islas de Baiona*, *Baiona*.
- 1603: “Descripción del Reyno de Galizia”, de Hernando de Ojea, incorporado ao “Theatrum orbis terrarum” de Abraham Ortelius: *Baiona*, *Ixola de Baiona*.
- 1608: “Biscaiae et Guipiscoae typus”, no “Atlas Mercator-Hondius”: **Baiona**.
- 1608: “Gallicia, Legio et Asturias de Oviedo”, de Jannssonius: *Baiona*, *Yslas de Bayona*.
- 1616: “Galicia”, de Jodocus Hondius: *Baiona*, *Islas Bayona*.
- 1618: “Tabularum Geographicarum Contractarum”, de Langenes-Bertius: **Baiona**.
- 1646-47: “Dell’Arcano del Mare: Galizia”, de sir Robert Dudley e Antonio Francesco Lucini: *G. di Baiona*, *Barona*, *I. di Baiona*.
- 1652: “Les Estats de la Courounne de Castille”, de Sanson d’Abbeville: *Bayona*, **Bayonne**.
- 1666: “Carte van Galisien”, de Jacob Jacobsz “Theunisz”: *Insulas van Bajona*, *Bajona*.

Como se pode observar a través destes trinta documentos, ambas localidades aparecen inicial e maioritariamente representadas con “i”. E a substitución gradual desta letra polo “y” grego parece relativamente serodia. Lembremos que a Carta na que Afonso IX lle impuxo o nome a Baiona é do ano 1201. En todo caso, o cambio ortográfico parece non ter sido definitivo ata despois de mediados do século XVII, tempo aproximadamente coincidente co intre no que frei Prudencio de Sandoval fixo a tradución daquela. Resulta, así mesmo, sintomático que na “*Descripción del Reyno de Galizia*”, do ano 1603, cuxo autor, Hernando de Ojea, era galego, se manteña o “i”. Nas edicións posteriores deste mapa a denominación foi substituída xa pola de Bayona.

EXISTE AÍNDA UNHA TERCEIRA BAIONA

Non aparece nos mapas, e resulta bastante difícil dar con ela. Mais existe outra Baiona. Atópase en Portugal, ao sur de Sines, e ao sur tamén da paradisíaca Vila Nova de Milfontes. Mais non pode ser acadada senón seguindo unha estrada de ínfima calidade.

Esta terceira Baiona, tamén con “i”, non pasa dun fato de casas e unhas cantas embarcacións a reflectirse no espello do esteiro dun pequeno río que verte as súas augas nas proximidades da extrema norte do Algarve. Mais dado que, como a un quilómetro de distancia, existe outro lugar chamado **San Cosme e San Damián**, e que, algo máis lonxe, se repiten tamén certos topónimos da provincia de Pontevedra, é moi posible que toda esta comarca fose repoboada con, ou baixo a dirección de, xentes



Escultura do rei Afonso
realizada por Xoán Oliveira.
(Foto: Rosana Estévez)

procedentes desta parte de Galicia. Ignoramos, así e todo, como e en que momento puido acontecer o feito, aínda que recorramos a facer especulacións.

O territorio no que se atopa esta Baiona foi reconquistado entre os anos 1142 e 1168, ao longo do goberno do primeiro rei portugués, Afonso Henriques (1128-1185). Perdido despois, en 1191, cando os musulmáns fixeron recuar a fronteira de novo ata o Tejo e as portas de Lisboa, sería definitivamente recuperado por Afonso III (1248-1279), en 1249.

ET IMPONO DE NOVO...

Que no ano 1201 Afonso IX lle impoña ao lugar de Erizana o nome de **Bajonam**, “de novo”, fixo pensar que xa o debera de levar antes. E, se llo impuxo, cabe deducir tamén que o fixo porque non se viña utilizando. Polo que sabemos, isto é máis habitual do que poida parecer. Coma exemplo lembremos que Constantinopla, refundada no ano 330 co nome de Nova Roma, nunca foi coñecida por esta denominación.

Unha posible explicación ao caso que nos ocupa atópase no tomo dez da continuación da *Crónica General de España* de Florián de Ocampo (c.1495-1558), publicada en 1574-1586 por Ambrosio de Morales, un sevillano que visitou Galicia en 1572. Porque nel este autor reproduce o seguinte comentario do emperador Afonso VII (1111-1157), avó de Afonso IX, tomado, se ben que de oídas, segundo indica, dos privilexios que aquel monarca lle concedera ao mosteiro de Oia, ó que lle doara a vila de Erizana: “*et nulumus ut vocentur (ut atea) Erizana, sed imponimus ei nomen Vajona*”. É dicir: “*e non queremos que sexa chamada (como antes) Erizana, senón que lle impoñemos o nome de Vajona*”²².

Lamentablemente, nas doazóns e concesións en favor do mosteiro de Oia efectuadas por Afonso VII que se conservan, anos 1135 (ou 1138), 1137, 1139, 1140 e 1149,²³ non aparece este comentario.

Así mesmo, Ávila y La Cueva, que cara ao ano 1850 examinou no arquivo de Oia “*todos los privilegios q. el referido emperador otorgó a favor dela motivada casa en q.*

se hace mencion de la Villa de Erizana”, afirma que tampouco atopou neles a cláusula alegada por Morales. Como consecuencia intúe que este debeu de atribuír a Afonso VII, por confusión, o que si dixo o seu neto Afonso IX²⁴. Cousa bastante explicable se, tal como afirma o sevillano, “*Esto tuve por relacion, que yo no fui allá*”²⁵.

A causa deste silencio documental, buscou unha explicación para este “*de novo*” nunha referencia que aparece nun vello texto de Marco Valerio Marcial, un autor nado en BÍlbilis, hoxe Calatayud, que, entre outros traballos, no ano 101 publicou unha ducia de libros cuns mil cincocentos epigramas. Pois ben, no número 37 do libro X dinos o seguinte:

*Iuris et aequaquum cultor sanctissime legum
veridico Latium qui regis ore forum
municipe, Materne, tuo veterique sodali
Callaicum mandas si quid ad Oceanum,
an Laurentino turpis in litore ranas
et satius tenues ducere credis acos
ad sua captivum quam saxa remittere multum,
visus erit libris qui minor esse tribus?,
et fatuam summa cenare pelorida mensa
quosque tegit levi cortice concha brevis
ostrea baianis quam non liventia testis
quae domino pueri non prohibente vorent?.*²⁶

É dicir, que Marcial era coñecedor das ostras e do muxo do Océano Galaico. Ademais, nalgúns códices a expresión do penúltimo verso aparece coma **baionis**, que significaría “*de Baiona*”. Emporiso, recorrer a este dato para demostrar a existencia da nominación **Baiona** nun tempo tan afastado non parece satisfactorio, xa que o que realmente fai o epigrama é comparar os produtos das ribeiras itálicas cos das nosas. A mención no quinto verso de **Laurentino**, unha comarca do Lacio, resulta a este respecto significativa, e obriga a considerar como correcta a lectura **baianis**, que é a que de ordinario se fai. É dicir, significando “**de Baias**”, en referencia ao famoso balneario naquel tempo situado nas proximidades de Pozzuoli, non lonxe de Nápoles, algo máis ao sur do referido Laurentino. Reforza esta idea o feito de que no mesmo libro, e no epigrama 58, aluda de novo Marcial a este cobi-zable e pacífico retiro de **Baias**²⁷.

¿Significa isto que o que pretendeu Afonso IX con este desconcertante “*de novo*” non era outra cousa que indicar que o que facía era bautizala cunha denominación xa existente, como a da Baiona vasco-francesa? Neste caso, confirmárase a hipótese da profesora Elisa Ferreira.

¿Ou puido ser que, no momento da viaxe de Ambrosio de Morales, ano 1572, existise realmente outro privilexio de Afonso VII en favor do mosteiro de Oia, logo perdido, que recollía o cambio de nome por el supostamente realizado?

Aínda que remotas, polo de agora estas parecen as máis razoables das posibilidades coas que contamos para explicar ese “*de novo*”. Coñecer a datación da Baiona portuguesa moi ben podería botar algunha luz sobre o asunto, xa que se esta foi fundada durante a primeira ocupación daquel territorio, tal denominación resultaría coeva



Parte final da locución colocada na frontis da peana do monumento ao rei Afonso. Nela pódese advertir a mutación filolóxica que vimos comentando, e parécenos que debería ser corrixida.

co reinado de Afonso VII (1111-1157), o que reforzaría a posibilidade de que fose este quen bautizou con ese mesmo nome á do Miñor, e antes da súa Carta de 1201. Mais, de resultar aquela do tempo da reocupación, ano 1249, nada aclararía.

COLOFÓN

Dende o 14 de decembro do ano 2001 Baiona conta cunha estatua ecuestre de Afonso IX. Algo, polo que acabamos de comentar, ao que este se fixo sobradamente merecedor. O monumento, estratexicamente situado diante do acceso ao castelo de Monterreal, é da autoría do tudense Xoán Oliveira (1928-2002), un escultor moi propenso a transmitir nas súas obras a súa especial predilección polos cabalos. Así, nesta, o monarca non figura sobre a cabalgadura, senón que é esta a que aparece onda el, se ben que nun respectuoso segundo plano, inclinando submisiva a cabeza, mentres aquel, aínda que en autoritario ademán, acarícialle o pescozo coma se dun amigo se tratase. Coma oportuno complemento a esta homenaxe, na peaña sobre a que se ergue o grupo, e en clara adecuación co seu ademán, unha placa recolle as palabras do monarca: "... **et impono eidem villae de novo nomen Bayonam**".

Mais, coñecido canto acabamos de comentar, parécenos que sería actuar cun excelente criterio filolóxico eliminar canto antes ese máis que dubidoso **Bayonam**, que no monumento aparece, e substituílo pola expresión textual **Bajonam** –pronunciábel coma Baionam– que Ávila e a Cueva, entendemos que correcta e axeitadamente documentado, nos transmitiu.

BIBLIOGRAFÍA PRINCIPAL

- ABÓS SANTABÁRBARA, A. e MARCO MARTÍNEZ, A. (1986): *Diccionario de Términos básicos para la Historia*. Madrid.
- ARIAS VILAS, Felipe (1992): *A romanización de Galicia*. Vigo.
- ARMESTO, Victoria (1994): *Galicia Feudal*. 3ª ed. A Coruña.
- ÁVILA Y LA CUEVA, Francisco (1852-54): *Historia Civil y Eclesiástica de Tuy y su obispado*. IV vols. Edición Facsimilar, 1995. Pontevedra.
- BARREIRO, Martín (1966): *2000 años de Historia del Castillo de Monterreal*. Vigo.
- CABEZA QUILES, Fernando (1992): *Os nomes de Lugar*. Vigo.
- DUBY, Georges (1997): *Atlas Histórico Mundial*. Barcelona.

- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, Salvador (1995): *Historia da Comarca do Val Miñor*. Vigo
- FERREIRA PRIEGUE, Elisa M^a (1988): *Galicia en el Comercio Marítimo Medieval*. A Coruña.
- FLÓREZ, Henrique (1754-1994): *España Sagrada*. Madrid e Lugo.
- GONZÁLEZ LOPEZ, Emilio (1978): *Grandeza e decadencia do Reino de Galicia*. Vigo.
- HORNBLOWER, Simon e, SPAWFORTH, Antony (1996): *The Oxford Classical Dictionary*. Oxford – New York.
- HOWATSON, M. C. (1997): *The Oxford Companion to Classical Literature*. Oxford.
- ISLA FERNÁNDEZ, Amancio (1992): *La Sociedad Gallega en la Alta Edad Media*. Madrid.
- MACKAY, Angus e DITCHBURN, David (1997): *Atlas of Medieval Europe*. London and New York.
- MADOZ, Pascual (1845): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de Galicia*. 6 Vols. Edición Facsímil de 1986. Madrid.
- MANRIQUE, Fr. Ángel (1642): *Anales Cistercienses*. Lugduni (Lyon).
- MATTOSO, José (1993): *Historia de Portugal*. 8 vols. Lisboa.
- MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo: (1994): *Cartografía antigua de Galicia*. Diputación Provincial de Pontevedra. Vigo. (1998): *Cartografía de Galicia*. Hércules. A Coruña.
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón (1982): *España Romana*. 2 vols. Madrid.
- MÉRIENNE, Patrick (1997): *Atlas Mondial du Moyen Âge*. Rennes.
- MORALES, Ambrosio de (1765): *Viage de Ambrosio de Morales por orden del rey D. Felipe II a los Reynos de León, y Galicia, y Principado de Asturias*. Madrid (Edición facsímil, Oviedo 1977).
- OLIVEIRA MARQUES, A. H. de (1978): *Historia de Portugal*. 2 Vols. 8^a edición. Lisboa.
- PALLARES MÉNDEZ, M^a del Carmen, e PORTELA SILVA, Ermelindo (1971): *El Bajo Valle del Miño en los siglos XII y XIII*. Universidade de Santiago de Compostela.
- PORTELA SILVA, Ermelindo (1981): *La colonización cisterciense en Galicia (1142-1250)*. Universidade de Santiago de Compostela.
- PRO RUÍZ, Juan e RIVERO RODRÍGUEZ, Manuel (1999): *Breve Atlas de Historia de España*. Madrid.
- RIBER, Lorenzo (1941): *Marco Valerio Marcial*. Madrid.
- RODRÍGUEZ ENNES, Luís (1999): *Aproximación a la historia jurídica de Galicia*. Xunta de Galicia. A Coruña.
- RÍOS MAZARELLE, Manuel (1995): *Diccionario de los Reyes de España*. 2 vols. Madrid.
- ROMERO MASÍA, Ana María e POSE MESURA, Xosé Manuel (1988): *Galicia nos Textos Clásicos*. A Coruña.
- RUÍZ ASENCIO, José Manuel (1990): *Colección Documental del Archivo de la Catedral de León*. León.
- SACAU RODRÍGUEZ, Gerardo (1998): *Os nomes da Ría de Vigo. Cabo Silleiro-Berbés*. Vigo.
- SÁNCHEZ BELDA, Luís (1953): *Documentos Reales Referentes a Galicia (569-1254)*. Madrid.
- SIERRA FERNÁNDEZ, Avelino (2000): *Fundación y orígenes de Bayona como villa de realengo*. Concello de Baiona.
- SIERRA PONCE DE LEÓN, Vicente (2002): *Historia de Baiona y su patrimonio monumental*. Xunta de Galicia. A Coruña.
- STEFOFF, Rebecca (1995): *Maps and Mapmaking*. Hong Kong.
- TAMUJE, J. M. del (1975): *La vía romana "per loca maritima" por el Bajo Miño y Costa Atlántica*. A Guarda.
- VV.AA.:
(1972): *Nomenclator-Estadística de la Diócesis de Tuy-Vigo*. Vigo.
(1989): *Cartografía de Galicia*. Instituto Geográfico Nacional. Madrid.
(1991): *Galicia. Historia*. Vol. I. A Coruña.
(2001): *Alla scoperta del mondo*. Il Bulino. Modena.

URZAINQUI, Tomás, e OLAIZXOLA, Juan M^a: *La Navarra Marítima*. Gobierno de Navarra. Pamplona.

VILLAR, Francisco (1995): *Estudios de Celtibérico y de Toponimia Prerromana*. Salamanca.

YÁÑEZ NEIRA, Fr. M. (1974): *El Monasterio de Oya y sus Abades*.

NOTAS

- 1 Emilio González López, páx. 295.
- 2 Henrique Flórez, volume XXII, páx. 19, tomado de Prudencio de Sandoval, folio 145. Vallisoletano de nacemento, frei Prudencio de Sandoval (c.1533-c.1620), foi cronista beneditino, e bispo de Tui no período 1608-1612. Foi autor, así mesmo, de varios traballos históricos, entre eles o de *Antigüedad de la Ciudad y Iglesia Cathedral de Tuy*.
- 3 A. Abós Santabárbara, páxs. 56, 248 e 587.
- 4 A través da historia sabemos das moitas vilas e cidades, oficialmente establecidas por diversos monarcas, que o único que fixeron en realidade foi mudarlle o nome. Alexandre de Macedonia, por exemplo, é un dos personaxes que, ademais de erguer poboacións novas, se atribuíu tamén a maior cantidade de *fundacións* espúreas. E Octavio Augusto, émulo seu en todas cantas accións acometeu, *fundou* tamén numerosas vilas, que gozaban xa de boa saúde.
- 5 Avelino Sierra Fernández, páxs. 92-93.
- 6 Avelino Sierra Fernández, páx. 93.
- 7 Avelino Sierra Fernández, páx. 90.
- 8 Luís Sánchez Belda, páx. 210. Privilexio firmado en Tui o 11 de abril de 1201.
- 9 Elisa Ferreira Priegue, páxs. 77-78.
- 10 Ávila y La Cueva, vol. II, páx. 121.
- 11 Ávila y La Cueva, vol. II, páx. 118.
- 12 Henrique Flórez, vol. XXII, páx. 18.
- 13 Ávila y La Cueva, vol II, páxs. 117 e 118: Literalmente: *E impoño á mesma Vila de novo o nome Bajona*.
- 14 Avelino Sierra Fernández, páxs. 88, 93 e 107. Na 90, sen embargo, figura coma **Bayonan**.
- 15 Avelino Sierra, páx. 90.
- 16 Avelino Sierra, páx. 90.
- 17 Avelino Sierra, pax. 90.
- 18 Elisa Ferreira, páxs. 612, 613 e 811.
- 19 Tomás Urzainqui, páx. 198. Este pintoresco personaxe, o primeiro trovador, ou compositor de versos en fala popular que se coñece, foi pai do non menos lendario Guillermo X de Aquitania (1099-1137), morto en Compostela, o Don Gaíferos de Mormaltán dos nosos romances, pai á súa vez de Leonor de Aquitania (1122-1204).
- 20 Elisa Ferreira, páxs. 75 e 76.
- 21 Elisa Ferreira, páx. 78.
- 22 Na edición que da parte que recolle a súa *Viage* fixo o agustino Henrique Flórez en 1765, -Ambrosio de Morales, páxina 141- o nome da vila miñorana aparece xa coma **Baiona**, con caracteres distintos aos do resto da frase, o que parece indicar unha corrección por parte do editor.
- 23 Recollidas por Henrique Flórez, Vol XXII, páxs. 262 a 265, Luís Sánchez Belda, páxs. 107, 109, 110, 111 e 121, e Portela Silva, páxs. 153, 159-160.
- 24 Ávila y La Cueva, tomo II, páx. 117.
- 25 Ambrosio de Morales, páx. 141.
- 26 Venerabilísimo entusiasta do dereito e das xustas leis, / que gobernas coa túa verídica voz o foro latino, / se encomendas algo, Materno, ó teu paisano e vello camarada, / para o Océano Callaico- / ¿ou pensas que é mellor na ribeira laurentina / pescar torpes rans e delicadas agullas / que devolve-lo cativo muxo ás súas pedras, / se che parece que é menor de tres libras? / ¿e cear a insípida ostra nunha extraordinaria mesa / e mariscos ós que cubre nunha delicada protección / antes que ostras que non sentirían enveja / nin á competencia das de Baías / que os criados poden devorar, senón llo prohibe o amo?. Versión tomada de Romero Masia, A. M^a. e Pose Mesura, X.M.: *Galicia nos textos clásicos*, Sada 1988. (Nota de redacción).
- 27 Lorenzo Riber, páxs. 205-206.

